



Cuestionario Proust Miguel Ángel Alonso Diz: escritor de literatura infantil e xuvenil e poeta

[Lecturafilia](#) 24 de outubro de 2023

<https://lecturafilia.com/2023/10/24/cuestionario-proust-miguel-angel-alonso-diz-escritor-de-literatura-infantil-e-xuvenil-e-poeta/>

Miguel Ángel Alonso Diz posúe un sorriso contaxioso, polo que é doado sentir esperanza ao velo. Madrileño de nacemento, aínda que galego de adopción e de sentimento, Alonso Diz, é un dos escritores máis talentosos da literatura infanto xuvenil galega, con títulos como *O cullarapo Croque*, *A nena á que non deixaban ser feliz*, *Mel unha mosca agradecida*, *Piratas no recreo* ou *O país da choiva*.

Licenciado en Economía, ten experiencia como docente na ensinanza privada. Forma parte do espazo “A porta verde do sétimo andar”, e participa en numerosas iniciativas culturais en Galicia e Portugal.

Coñecémolo mellor neste Cuestionario Proust:

- 1. O principal trazo do teu carácter?** Honestidade.
- 2. Que calidade aprecias máis nun home?** A bondade.
- 3. E nunha muller?** A bondade.
- 4. Que agardas das túas amizades?** Que sexan boas persoas.
- 5. O teu principal defecto?** Son esixente comigo mesmo.
- 6. A túa ocupación favorita?** Estar coa familia.
- 7. O teu ideal de felicidade?** A felicidade son eses breves intres que construímos. O meu ideal é estar en paz comigo mesmo e xunto as persoas que quero.
- 8. Cal sería a túa maior desgraza?** Perder a un ser amado.
- 9. Que che gustaría ser?** O que son.
- 10. En que país desexarías vivir?** No que vivo, mais desexo que as persoas que habitan nel se decaten da beleza do seu patrimonio material e inmaterial.

- 11. A túa cor favorita?** Todas. Namóranme as diferentes cores que pode albergar o ceo.
- 12. A flor que máis che gusta?** Todas. A natureza é un ben que debemos coidar.
- 13. Que paxaro prefires?** A bubela, o paporroibo e tamén os mouchos.
- 14. Os teus autores/as favoritos en prosa?** Xosé Neira Vilas e Agustín Fernández Paz.
- 15. E poetas?** Celso Emilio, María do Carme Kruckenberg, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña, Helena Villar Janeiro, Gloria Sánchez, Manuel María, Antonio Machado, Lorca, Albertí, Miguel Hernández... sigo?
- 16. Un heroe de ficción?** Talvez o Spiderman dos cómics ou o Luke Skywalker das películas.
- 17. Unha heroína?** Mafalda.
- 18. O teu músico ou música favorito/a?** Hai moitos. Direi The Beatles e Vetusta Morla.
- 19. O teu pintor ou pintora preferido/a?** Picasso, Velázquez, Goya, Ángeles Santos, Van Gogh...
- 20. O teu heroe ou heroína na vida real?** A miña muller.
- 21. O teu nome favorito?** (EMMA) Todos formamos parte deste nome: Esther Manoli Miguel Anxo
- 22. Que hábito alleo non soportas?** A falsidade das persoas que só establecen relacións interesadas.
- 23. Que é o que máis detestas?** Cobiza / Egoísmo.
- 24. Unha figura histórica que che poña mal corpo?** Calquera ditador.
- 25. Un feito histórico que admires?** Agora mesmo, non sei que responder.
- 26. Que virtude desexarías posuír?** A de poder curar o corpo e a alma dos demais.
- 27. Como che gustaría morrer?** Acompañado dos seres queridos e co peito cheo de fermosos momentos.
- 28. Cal é o estado máis común do teu ánimo?** Agora, en paz.
- 29. Que defectos che inspiran maior indulxencia?** A falta de paciencia.
- 30. Tes unha máxima ou lema de vida?**

Dúas:

“Non son máis nin menos que ninguén”.

“As cousas son como son ata que deixan de selo”.